



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2020/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de expedientes urxentes»
<b>Data</b>	28 de abril de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 12:00 ata as 13:20 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	NON
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ
33852423B	jose ferreiro fernandez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. Ainara Pérez Losada: «Ausencia xustificada»		

O Secretario do Concello indica que previamente se comprobou a identidade de tódolos Concelleiros/as asistentes e que se atopan en territorio nacional, polo que se cumpren os requisitos para a celebración da sesión plenaria telemática.

Antes de comezar a sesión gardase un minuto de silencio por todas as vítimas do Covid-19.

A presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **Dar conta do decreto de aprobación da liquidación do orzamento do ano 2019 de data 13-03-20, e das bases de elaboración do PEF 2020-2021 (Expte 446/2020)**

A Sra. Alcaldesa di que hai que aclarar que pasou a todo o mundo a documentación por e-mail, aparte de que todos tiñan acceso ao expediente en Gestiona dende o día da convocatoria.

O voceiro do grupo PP di que vemos que non se cumpre a regra de gasto e que están pendentes dunhas modificacións para cumprir a estabilidade presupostaría. Esperaremos que se teña a súa aprobación.

O voceiro do grupo BNG di que incúmrese a regra de gasto pero sería interesante que nos dese unhas pincladas o Sr. Interventor.

A Sra. Alcaldesa da a palabra ao Sr. Interventor que explica que sería unha simple dación de contas da liquidación, pero de acordo coa alcaldía decidimos complementar a liquidación cunha información dun acordo que despois, mais adiante, cando se recupere a situación normal terá que ser tomado polo pleno, que será aprobación dun plan de financiación que estará detallado e con todos os tramites oportunos.

#### **Dar conta ao Pleno das medidas adoptadas en relación coa crise sanitaria do Covid-19**

A Sra. Alcaldesa dá lectura das medidas tomadas en relación coa crise sanitaria: Estamos a vivir momentos difíciles, distintos e complicados, e os veciños e veciñas do noso

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Concello están, estamos a dar a talla co noso comportamento, responsable e cívico, por todo iso quero dar as grazas a todos e todas, e dicirlles que me sinto orgullosa de ser a alcaldesa deste pobo.

Esta pandemia que nos está a afectar puxo a proba a todas as administracións do noso Estado e en xeral hai que recoñecer que estivemos á altura, colaborando para dar resposta ós máis débiles nesta situación (os enfermos, os parados....)

Dende o primeiro momento o Concello a través da paxina web e das súas redes sociais deulle publicidade a todas as normas e instrucións que se foron adoptando polas distintas autoridades competentes.

Deuse cumprimento, como non podía ser de outra maneira, ás instrucións ditadas polo Goberno Central, suspendéronse todas as actividades culturais, deportivas e sociais e o resto dos actos, espectáculos públicos e festexos populares.

Suspendéronse os termos e interrompese os prazos para a tramitación de todos os procedementos administrativos.

Creouse unha Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19, formada pola Alcaldesa e os/as Tenentes de Alcalde, e que conta en todo momento co asesoramento do Secretario, Interventor e o Policía local municipal, encargándose da colaboración coas autoridades sanitarias, a atención á cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, a suspensión de cobro de taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamentos de taxas, impostos, etc.. que fose preciso levar a cabo para os sectores económicos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Suspendeuse a atención ó público nas dependencias municipais. Mantense a comunicación có Concello de forma telemática á través da sede electrónica municipal e do teléfono. En casos de urxencia o Concello atenderá presencialmente previa petición de cita telefónica, e horario de 9 a 14 horas. Todas as funcións administrativas que se desempeñan a través do programa Gestiona e calquera outra plataforma telemática o traballo realízase dende os domicilios mediante teletraballo.

Os servizos municipais funcionaron en todo momento a porta pechada de 9 a 14 horas, con servizos mínimos fixados en todo momento pola Alcaldía de acordo coa Comisión creada, en función das necesidades en cada servizo e tendo en conta en todo momento a evolución da situación.

Establecéronse en todo momento rigorosas quendas entre o persoal, en previsión de que puidera aparecer algún positivo, para ter sempre persoal dispoñible e dar cobertura a todos os servizos do Concello.

A conserxería municipal, o rexistro xeral, a secretaria xeral, o servizo de urbanismo e medio ambiente, a intervención e a tesourería estiveron sempre atendidos como mínimo por unha persoa.

Os Servizos Sociais, supoñen un capítulo aparte, estiveron e continúan a estar sempre atendidos ó 100 por 100, en moitas ocasións ó 150 por cen dando cobertura en todo momento ás situacións que se van presentando e adiantándose en previsión das que se poidan dar.

As principais medidas tomadas por este equipo de goberno representa na Comisión Municipal de Seguimento do COVID-19, co asesoramento correspondentes son as seguintes:

- Adquisición de todas as medidas de protección e hixiene para o persoal esencial do Concello (xel hidroalcohólico, mascarillas, roupa de protección, produtos de desinfección).
- Elaboración e execución de un plan de limpeza e desinfección de rúas e contedores.
- Desinfección de tódolos edificios propiedade do Concello.
- Visitas de Protección Civil á domicilios con posibles necesidades, en coordinación con servizos sociais.
- Dende Servizos Sociais contacto permanente coas persoas usuarias do Centro de Día permanecendo sempre atentos ás posibles necesidades que poidan aparecer en colectivos especialmente vulnerables, establecendo medidas para darlles cobertura. Axudas

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 76WAEARX-H2N1Y3GRMF-JWPC4KN | Conexión: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 20



## Concello de Guitiriz

económicas para necesidades básicas, realización de compra de alimentos e menciñas por parte do persoal do Concello para persoas con risco ou use medios propios para realizar por si mesmos dita adquisición.

-En colaboración permanente cos Centros educativos, solución de problemas de cobertura ós alumnos que o precisaron, con solucións diversas, subministro de routers portátiles, axuda económica, etc.

-Creación dun Servizo Municipal de Impresión de material lectivo preciso para continuar cos estudos a distancia, con entrega do material impreso no domicilio por parte de Protección Civil ou do Condutor do Centro de Día, tomando para facelo tódalas medidas de protección recomendadas.

-Dende a Biblioteca Municipal (Casa Habanera) poñer actividades propias tanto para adultos como infantís a través da rede propoñendo diferente entretemos dispoñibles de forma gratuíta na rede.

-Dispoñibilidade do Concello de mascarillas para a súa entrega a persoas de risco, ou que teñan que desprazarse a algún centro médico ou hospitalario, tanto para eles como para os seus acompañantes.

-Coa furgoneta da que dispón o Concello para facer o transporte dos usuarios do Centro de Día colaboración total co persoal do Centro de Saúde as visitas a domicilio e entrega, respondendo á demanda do mencionado Centro de material de protección (mascarillas, guantes) e produtos hixiénicos (xel hidroalcohólico, roupa de protección) para todo o persoal.

-Por parte de protección civil, co ánimo de facer máis levadeira esta situación de confinamento, púxose en marcha un servizo para acudir ás casas das persoas tanto adultos coma menores nos días dos seus aniversarios incluso facéndolles algún obsequio.

-Mantense por parte da educadora familiar, contactos cos maiores que acoden ás clase de memoria, facéndolles chegar material para que poidan continuar nos seus domicilios coa actividade.

Por facilitarles algunhas cifras en concreto:

Usuarios de reprografía, sen contar esta semana 48,20 entregados á domicilio (en distintas parroquias, Buriz, Vilares, Lagostelle, Mariz, San Salvador, Negradas, Pardiñas, Pedrafitas, Pígaras, Labrada e 28 recollidos no Concello. Parécenos unha labor importante para non deixar a ningún alumno ou alumna atrás nesta situación.

A varios usuarios do Centro de Día, cóbrenselles as súas necesidades con Horas de Servizo Temporal Extraordinario (fóronnos concedidas dende 14/04/2020 2635 h/mes para cubrir esta excepcional situación que estamos a vivir), É de esperar que esta concesión extraordinaria siga a manterse mentres dure a desescalada para garantir a total atención ás persoas dependentes, e persoas con risco, como xa estamos a facer dende o principio desta situación.

Xa estamos a pensar nos autónomos que tiveron que pechar os seus establecementos ou que viron reducidos os seus ingresos por mor desta situación, e estamos a traballar con distintas propostas para facelo:

-Creación dunha plataforma, a cargo do concello, onde ofrecerlles un espazo para vender, comunicarse cos posibles clientes, etc.

-Compra de máquinas de ozono para desinfectar locais, podemos estudar distintas vías para que dispoñan delas.

-Subministro de materiais de protección e desinfección para que teñan nos seus locais e non lles supoña a eles unha carga económica engadida.

-Por última, pero non menos importante, tamén estase a estudar a viabilidade de concesión de axudas directas para compensar a falta de ingresos que van ter nos próximos meses. Axudas que poidan compensar o pago de recibo de autónomos, aluguer de locais, taxas e impostos, unha medida concreta para os hostaleiros pode ser a exención da taxa por instalación de terrazas.

Estamos estudiando a mellor forma de implantar tódalas medidas.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Pídvos que colaboredes aportando ideas para minimizar en todo o posible as consecuencias desta pandemia.

Por último e non menos importante quero agradecer publicamente a colaboración co Concello de tódalas administracións, Xunta de Galicia, Administración Xeral do Estado e Deputación de Lugo. Mais alá de desencontros ou discrepancias puntuais con algunha delas, neste momento a colaboración e responsabilidade institucional é fundamental para saír ben desta crise que estamos a vivir.

O voceiro do grupo PP dá as gracias á alcaldesa polas súas palabras e da o seu agradecemento aos organismos oficiais, tanto Xunta como Deputación pola súa colaboración e achega ao Concello de Guitiriz para poder levar esta pandemia.

Agradece aos traballadores que están facendo a diario quendas para estar na rúa xa que non é un traballo nada fácil facer labores de desinfección.

En canto ao reparto de mascarillas dicir que lle deben de chegar a todos os/as veciños/as do concello, si non é suficiente as que enviou a Xunta de Galicia e a Deputación provincial, o Concello debería aportar unha contía de diñeiro, pero en vez de andar porta por porta que se entreguen nas farmacias para que todos os asegurados teñan estas medidas de protección.

Falaba do cobro de taxas a empresas e autónomos e as axudas que se poidan facer, de todo isto sería convinte ter un listado do concello por escrito para que poidamos matizalo, porque así de palabra é un pouco máis difícil acordarse de todo.

Vexo todo ben, vemos que protección civil fixo entregas en algúns domicilios, non sei si por aniversarios ou festas ou porque, pero hai que dicir que existen persoas maiores que hai que coidar por ser de certa idade, xa que son os mais vulnerables ao contaxio, para que se teña esta cuestión en consideración.

Menciono algunhas suxestións nosas en relación co que se pode facer: eximir do cobro do recibo de lixo e auga, remanentes de tesourería aos autónomos e pequenas empresas e non estaría de máis ter un local por si alguén o necesitara para que puidera estar aí, para durmir ou comer, por si alguén tivese a enfermidade puideran estar todos eles coas medidas de precaución para que as persoas coas que conviven non se contaxien.

Por outro lado propoñemos que os cartos dos contratos que están externalizados, por exemplo o de madrugadores, escola de música, se destine as familias necesitadas ou incluso ao que acabo de comentar, para un hotel ou hostel por si algunha familia o necesitara.

O voceiro do grupo BNG di que dende o BNG de Guitiriz queremos trasladar o mais sentido pésame a todas as familias que perderon a algún ser querido.

Agradecer o compromiso de todas as persoas que están a traballar nesta crise para axudarnos a ter unha vida mais sinxela a todos/as (enfermeiros/as, médicos etc), moitas grazas de corazón.

En canto as medidas, queremos manifestar que cando o Estado decretou o estado de alarma, vostede tres días despois sacou un bando municipal con 10 medidas tomadas polo seu equipo de goberno. No punto 9 dicía: "Crear unha Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19 formada pola Alcaldesa e os/as Tenentes de Alcalde, que contará co asesoramento do secretario, o interventor e o policía local municipal. A comisión estudará, entre outros temas, a colaboración coas autoridades sanitarias, a atención a cidadanía, en especial as persoas máis vulnerables, a suspensión do cobro das taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamento de taxas, impostos, etc. que fose preciso levar a cabo para os sectores económicos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo Covid-19"

Non se contou para nada coa oposición, dende o BNG entendemos que como teñen maioría suficiente para tomar estas medidas sen contar coa oposición, as tomaran e ben feito está. Pero entendemos que nunha situación de excepcionalidade como a que estamos a vivir, sumar, unir forzas e esencial para traballar en prol dos/as veciños/as. Cantas máis ideas, máis solucións, máis propostas, canto máis se traballe en políticas construtivas, realizables e útiles para as persoas, mellor vai ser para todos/as, por eso sería bo que se crease unha comisión de traballo formada polos tres grupos políticos, para aportar ideas e solucións que

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 76WAEARX-H2N1Y3GRMF-JWPC4KN | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 20



## Concello de Guitiriz

poidan axudar a combater o Covid-19 e recuperar a economía do concello.

Entendemos que estas medidas tíñanse que facer os últimos 10 días de marzo, posiblemente antes do 26 que estaba marcado o Pleno ordinario, o lóxico é que se falasen e propuxesen as medidas para Guitiriz dende o Pleno e que se propuxera unha comisión especial de toda a corporación porque, como dixen anteriormente, sumar e moito máis que excluír, dende o día que comezou a desescalada nos fogares para os menores de 14 anos, queda moito que facer, ímolo a pasar moi mal, isto non fixo máis que comezar.

Por isto ademais de poñer en valor as medidas que xa se están a executar dende o Concello, apostamos por accións concretas pensadas para Guitiriz, dende Guitiriz.

Dende o BNG queremos apuntar algunhas medidas, que dende a nosa opinión se deberían levar a cabo dende o Concello, probablemente algunhas xa se están facendo pero aínda así imos nomealas.

- **Medidas Sociais:**

Crear unha liña de axuda de emerxencia as familias para afrontar as necesidades dos/as menores, persoas que viven soas, familias desfavorecidas e afectadas polo impacto da situación socio-económica do Covid-19.

Atención as posibles persoas sen fogar, adoptando as medidas necesarias para que se garante a seu dereito a saúde.

Vixiar o cumprimento dos protocolos de atención e seguimento as vítimas de violencia machista ou calquera outro tipo de violencia que se de no ámbito do fogar, téñase en conta o posible momento de peligrosidade nun momento de arresto domiciliario en corentena.

Prever servizos de asistencia e apoio psicolóxico ante un posible escenario dunha ola de contaxios agora que está comezando a desescalada.

Recollida de lixo porta a porta si hai posibilidade baixo a petición de persoas vulnerables. Protocolo de recollida de lixo a domicilio para posibles doentes positivos do Covid-19 e a súa separación do lixo normal.

Estudar a relación de fogares, axuda ou tickets de comida para as persoas mais desfavorecidas do concello ou crear un banco de alimentos municipal.

- **Medias Fiscais:**

Exención total ou parcial no pagamento das taxas de titularidade municipal para os negocios que se viron afectados polo estado de alarma do Covid-19 co enderezo fiscal en Guitiriz.

A duración das medidas será durante o tempo de inactividade provocado polo estado de alarma.

Crear unha liña de axuda a fondo perdido, repito a fondo perdido, para os negocios de hostalaría do concello, foron os primeiros en pechar e van ser os últimos en abrir.

Crear un plan de pagamento fraccionado ou condonación, ata onde o permita a lexislación, dos impostos, recibos ou taxas, en función das situación concreta de cada persoa ou familia-

Establecer un plan de reactivación económica de aqueles sectores mais afectados pola crise do coronavirus.

Asumir unha cuestión de competencia municipal a dinamización do comercio local, fortalecendo os servizos para crear investimento privado da poboación e vencellar o investimento do concello e parte dos fondos do Plan Único da Deputación na aquelas actuacións con maior impacto na xeración de riqueza e emprego, completando así as posibles medidas adoptadas polas outras administracións.

Estudar as demandas para flexibilizar o pagamento de taxas e impostos municipais a particulares afectados pola crise do Covid-19 mediante a negociación dos prazos do pago.

Demandar a eliminación urxente da regra de gasto, a obrigatoriedade de realizar un plan económico financeiro, os obxectivos de déficit e os límites de endebedamento dos concellos, xa que restrinxen a capacidade de investimento, reforzamento dos servizos municipais ou de contratación de persoal por parte das institucións locais, limitando enormemente a nosa capacidade con respecto a crise.

Estudar a posibilidade de reformar os orzamentos aprobados para este ano 2020, para de

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

algunha forma orzamentar o custe económico que vai supoñer a desescalada da crise sanitaria.

En canto as vías de información e publicación, crear un apartado na web municipal, e non mesturar todo, sobre o coronavirus, no cal se informe de todas as novas sobre as medidas e recomendacións relativas ao coronavirus, con linguaxe clara e precisa, e dar información sanitaria.

Propoñemos habilitar plataformas dixitais seguras para a comunicación de temas institucionais entre todos os membros da corporación. Actualizar e difundir por todos os medios a información ou as recomendacións do goberno, información sanitaria etc. Medidas extraordinarias específicas urxentes.

Vixiar que todos/as os/as profesionais que traballan en primeira liña corran o menor risco posible para evitar contaxios, persoal de atención ao público, sector alimentario, farmacias, estancos e persoal do concello, como axuda no fogar, recollida de lixo así como o resto de persoal que segue a traballar no concello.

Pedimos vixilancia e publicidade suficiente das medidas de protección, seguridade e hixiene laboral e ter material de protección suficiente e axeitado, e dicir EPIs.

Agora máis que nunca que estamos a saír a rúa consideramos que sería obrigatorio o uso de mascarillas para toda a poboación, as cales deben ser gratuítas necesariamente.

Medidas de voluntariado, creación dun rexistro de voluntarios/as con perfís profesionais que poidan ser útiles nestes momentos, como psicólogos/as, traballadores/as sociais, estudantes, etc. para calquera medida avalada polas autoridades sanitarias, que poidan ser de utilidade para a veciñanza.

Posta en marcha dun programa de acompañamento telefónico as persoas da terceira idade ou aquelas que son máis vulnerables, para evitar os efectos do illamento, coñecer de primeira man o seu estado e así poder facer seguimentos diarios.

Reiteramos a toda a equipa de goberno a disposición do grupo municipal do BNG para colaborar e axudar en todas aquelas cuestións que contribúan a mellorar a vida da veciñanza.

A Sra. Alcadesa súmase ás palabras do portavoz do BNG e dalle as grazias a todos/as os/as traballadores tanto no ámbito sanitario, da alimentación e do transporte e especialmente os do concello.

Quero aclarar que recibimos mascarillas de todas as administracións, Administración Autonómica, Deputación de Lugo e da Administración Xeral do Estado por medio da Subdelegación do Goberno.

En canto ao reparto de mascarillas, é un tema un pouco controvertido, o equipo de goberno queríamos facer un reparto que reunirá todos os requisitos en canto a hixiene e protección para as persoas, non nos parecía moi hixiénico repartir unha por unha, estivemos intentando localizar mascarillas que viñesen embolsadas para que ninguén as manipulara antes de que chegaran aos destinatarios/as. No concello hai mascarillas para quen as necesite, pero mentres estaba vixente o confinamento total non era necesario repartilas porque non se podía saír a rúa, co cal o reparto era innecesario.

Dicir que todas as medidas que lin están na páxina web e estanse levando a cabo, das outras medidas das que falei, de cara a recuperación, son propostas e que por suposto estamos abertos a recibir propostas dos membros da oposición e nós pasaremos as nosas por escrito, por eso pedín a colaboración, na introdución que fixen, para que todos/as aportemos que medidas levar a cabo para facer mais levadeira esta recuperación, que aínda que vai ser dura, imos intentar apoiar aos nosos empresarios, autónomos e hostaleiros.

En todo momento utilizáronse as medidas de protección establecidas polas autoridades sanitarias competentes para levar a cabo as visitas de protección civil por parte dos membros do concello para que non corresen ningún risco nin os visitados nin os visitantes.

En canto o fondo para medidas urxentes, xa está creado, en canto o remanente de tesourería, estase pensando en modificar a lexislación, nós intentaremos destinar todo o que

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

nos permita a norma, xa que temos un concello saneado.

Con respecto do que falaba Teixido, en canto a ter un local dispoñible para quen o necesitase, a nós en algún momento, preguntóusenos por parte da Xunta si dispoñiamos de algún local, non sei si era coa idea de destinalo a algún colectivo en particular, e nós puxemos a disposición o Centro de Día que ten o concello porque é moi fácil de habilitar para pode utilizalo e está a disposición para o que consideremos oportuno.

En canto as palabras do portavoz do BNG dicir que todo o que leu é o que lin eu nun primeiro momento.

Nun primeiro momento púxeme en contacto tanto co portavoz do BNG como do PP para comunicarlles que estaba a súa disposición e eles ofrecéronme a súa colaboración, pero bo, e verdade que a quen deu o primeiro paso fun eu, e o portavoz do BNG non me chamou para propoñerme algo en concreto, que eu escoitaría con gusto.

As nosas medidas para afrontar a desescalada, polo de agora, son propostas, entón estamos abertos a escoitar calquera proposta a negociar. Por outro lado, moitas das medidas que mencionaron xa se están levando a cabo e están publicitadas tanto na web como nas redes sociais. Esa liña de axuda que vostede propoñía xa está creada, dotouse inicialmente con 4500 € para atender as familias con produtos de primeira necesidade, e dicir, familias que non podían nin tan sequera facer a compra. Atención as persoas sen fogar tamén se leva a cabo por parte dos servizos sociais. Atención a vítimas de violencia de xénero, non se deixou en ningún momento de levar a cabo o seguimento tanto por parte dos servizos sociais como pola forzas de seguridade do Estado. O servizo de psicoloxía, que xa tiña o concello, segue a funcionar con atención telefónica. A recollida de lixo porta a porta non a podemos levar a cabo porque a Xunta non nós facilitou datos en ningún momento das persoas afectadas no noso concello, entón si non sabemos quenes están afectadas non podemos facelo, pero non teríamos ningún problema en facelo.

Do resto das propostas que menciona o portavoz do BNG xa falei anteriormente, flexibilización das taxas, a estudar a reforma orzamentaria, que non estamos pechados, un apartado específico para o Covid xa está creado na páxina web, en canto a información sanitaria, nós non somos os responsables de facilitar esa información, empezamos a colaborar co noso centro de saúde aportándolles materiais que necesitaron para que eles puideran seguir coa súa labor.

Os teléfonos de contacto están publicados tanto na páxina web como nas redes sociais, hai un telefono permanente de contacto para servizos sociais.

Por suposto que viviamos o cumprimento de todas e cada unha das medidas de protección para os nosos empregados porque somos os primeiros interesados que non haxa afectados, nin entre os traballadores/as nin entre os habitantes.

Xa existe un rexistro de voluntarios no concello, non temos problema en modificalo si os portavoces consideran que hai outra forma de facelo.

Como xa dixeran o servizo de psicoloxía segue funcionando de xeito telefónico e hai un seguimento diario por parte dos servizos sociais as persoas maiores que consideramos que o necesitan ou que tivemos coñecemento nalgún momento de que así era.

En definitiva e en liñas xerais, mais ou menos as medidas que todos propoñemos están na liña do que estamos a facer, seguramente algunha se pode mellora porque foi unha situación distinta, a primeira vez que a estamos a vivir e non é fácil acertar sempre. Nós tentamos cubrir todas as situación que se nos foron dando, as veces con algunha equivocación porque non somos perfectos.

Estamos abertos a escoitar todas as propostas, a falar e negociar todas as medidas que consideramos necesarias pero moitas das que propuxeron os portavoces do PP e BNG as estamos a levar a cabo, todas susceptibles de mellorar.

O voceiro do grupo PP di que dende o concello temos que estar toda a corporación velando por todos/as.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Unha das cousas que nos gustaría e contar co resto da corporación para crear unha comisión de traballo para ver todo isto que se esta levando a cabo e tomar medidas beneficiosas para a veciñanza.

Crear un banco de alimento municipal para aquelas persoas que os necesiten cos cartos que se poidan aportar.

Temos que pensar tamén na hostalaría, xa que si funciona a hostalaría funciona o resto.

Tampouco nos queremos esquecer das persoas que están de cara o público, como os sanitarios que son os que máis sofren esta pandemia.

Dicir que dende o PP, queremos apoiar todas as medidas necesarias para os nosos/as veciños/as.

O voceiro do grupo BNG di que efectivamente vostede si que me chamou pero, penso que ten que ser o goberno o que tome a decisión de si ten que chamar ou non a oposición.

Con respecto as medidas, dicir, que hai concellos que reparten cartos a fondo perdido a hostalaría, debería pensarse en iso. O importante e darlle unha axuda económica forte.

En canto a actuación en relación coas mascarillas eu penso que o concello actuou ben.

A Sra. Alcaldesa di que con respecto á hostalaría unha das medidas que estamos a estudar é a concesión de axudas directas para compensar a falta de ingresos.

En canto a comisión, non teño problema en crear esa comisión de traballo e estudar as posibles medidas económicas.

En canto a proposta que fixo o portavoz do PP do reparto das mascarillas a través das farmacias, paréceme unha boa idea e así por exemplo a xente de Parga que non se pode desprazar ao concello podería recollela na farmacia.

Aclarar tamén que no apartado da web sobre o Covid-19 creo que si que hai información sanitaria, información xeral que nos pasan a todos os concellos.

### Ratificación do Decreto de alcaldía nº 219/20 de data 25/03/2020 de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2020. Expte: 252/2020.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A proposta de alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 23/04/2020, é a seguinte:

"Ratificación do Decreto de alcaldía nº 219/20 de data 25/03/2020 de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2020. Expte: 252/2020.

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa-Presidenta, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o Decreto de alcaldía nº 219/20 de data 25/03/2020 de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2020 do seguinte tenor literal:

*"EXPEDIENTE NÚMERO: 252/2020*

*DECRETO: Aprobación do Recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2020.*

*Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa-Presidenta, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.*

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Vistos os seguintes antecedentes que obra no expediente referenciado no Asunto:

Vistos os seguintes antecedentes que obra no expediente referenciado no Asunto:

- Facturas incluídas nas Relacións de gastos nº 25/2020, 26/2020, 27/2020, 28/2020, 29/2020, 39/2020 FACE e 40/2020 FACE que se relacionan de seguido, que tiveron entrada a través do Rexistro Xeral do Concello e a través da plataforma de facturación electrónica FACE, e que se refiren a gastos realizados en exercicios anteriores:

Código Relación: 25		Descripción: ALCALDÍA E C. BUJAN REC 2 PLENO				
Reg	Fec. Nº Reg. Factura	Fec. Dni/Cif Fac.	Razón Social	Área	Importe I.V.A Dctos.	
90	31/01 19A /2020	22/0 4/20 19	B2723083 LOPEZ TORCIDO, S.L.	580,15	0,0 0	0,00
<b>Concepto:</b> SUBMINISTRO DE GRAVA PARA XARDINS			Operación : ADO		Imp. Líquido: 580,15	
			<b>Partidas Presupuestarias</b>			
			171 22199 OTROS SUMINISTROS		580,15	
<b>Total Relación...</b>		Imp. Presupuesto: 580,15		I.V.A: 0,00 Dctos: 0,00		Imp. Líquido: 580,15

Código Relación: 26		Descripción: ALCALDÍA E C. DE DIA REC 2 PLENO				
Reg	Fec. Nº Reg. Factura	Fec. Dni/Cif Fac.	Razón Social	Área	Importe I.V.A Dctos.	
